

## STEG NA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA

Na reunión da Permanente da Xunta de Persoal Docente de Pontevedra co Xefe Territorial e o Inspector Xefe celebrada en Pontevedra o pasado martes, día **9 de setembro de 2014**, o STEG

- Reclamou diversas prazas nos centros IES Valadares (Vigo), CEIP Rodríguez Sinde (A Guarda), CEIP Plurilingüe nº 1 (Tui), CEIP de Barrantes (Tomiño), CEIP Feliciano Barrera (Ponteareas), CEIP A Lomba (Vilagarcía) e CEIP A Guía (Moaña).
- Denunciou o recorte xeral e a aplicación de criterios moi restritivos á hora de dotar prazas de PT e AL que se produciu neste comezo de curso 2014/15, cun aumento exponencial das compartidas e itinerantes, en franca contradición coa procura dunha vedadeira *mellora da calidade* do ensino.
- Solicitou, para a seguinte xuntanza entre XdePD e XT, datos definitivos sobre o proceso de implantación na provincia da nova FPBásica (prazas de alumnado cubertas ou vacantes, grao de afectación nos cadros de persoal de FP, centros que perden oferta, novos centros con oferta, etc.)
- Urxiu á Consellería a resolver dunha vez, acabando coa provisoriedade da norma vixente, a problemática existente nos Conservatorios entre profesorado de Música con titulación concordante e profesorado instrumental.
- Urxiu ao Xefe Territorial da Consellería a pór remedio canto antes aos problemas coa banda ancha que padece o CEIP de Souto-Donas (Gondomar) e que condicionan negativamente tanto a súa vida administrativa como as actividades educativas que impliquen emprego dos ordenadores.
- Instou ao Xefe Territorial da Consellería a ordenar de inmediato a continuación e conclusión das obras de acondicionamento das instalacións da EEI da Guía (Vigo), que ían facerse durante este verán pasado pero que foron incomprendiblemente adiadas, o que provoca unha situación de precariedade, provisionalidade e falta de seguranza que non se debera permitir.

# STEG